SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

PROBA TEÓRICA

Técnico/a de xestión de sistemas e tecnoloxías da información

EXERCICIO: PARTE TEÓRICA

INSTRUCIÓNS:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.

2. Esta proba consiste nun cuestionario de contido teórico de 50 preguntas tipo test con 6 de reserva (as 6 últimas, da E51 á E56), que deberán ser contestadas entre os números **E1** e **E50,** no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".

3. – O tempo total de realización do exercicio, é de **90 minutos**.

4. – Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **1** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,25** puntos.

5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.

6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.

7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web:www.sergas.es, ao día seguinte da realización da proba.

LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO

1 ¿Que ferramenta se utiliza como recurso para estudar incidentes de seguridade en aplicacións web?

A) Google Analytics.
B) OWASP Web Hacking Incidents Database (WHID).
C) Microsoft Defender.
D) Secure Software Development Lifecycle (SDLC).

2 ¿Cal é unha diferenza clave entre composición e agregación nos diagramas de clase?

A) Na composición, os obxectos dependentes non teñen sentido sen o obxecto principal.
B) Na agregación, os obxectos dependen completamente do obxecto principal.
C) Na composición, os obxectos poden existir independentemente do obxecto principal.
D) Non hai diferenzas; son termos intercambiables.

3 ¿Cal é a función principal dos filtros nunha canle de Mirth?

A) Transformar as mensaxes entrantes.
B) Definir as condicións que controlan o paso das mensaxes.
C) Enviar as mensaxes ó destino correcto.
D) Almacenar as mensaxes encriptadas.

4 ¿Cal das seguintes opcións describe mellor a vantaxe do uso de almacenamento en rede (NAS) fronte ao almacenamento en área de rede (SAN) en termos de xestión de datos e flexibilidade de acceso?

A) En NAS proporciona maior ancho de banda e menor latencia en comparación con SAN.
B) En NAS permite a conexión directa de dispositivos de almacenamento a través de Fibre Channel.
C) En NAS ofrece un acceso máis sinxelo e centralizado aos ficheiros compartidos mediante protocolos como NFS e SMB/CIFS.
D) En NAS require unha infraestrutura de rede dedicada e complexa para a súa implementación.

5 ¿Que modelo de análise de seguridade se basa en avaliar vulnerabilidades sen acceso ao código fonte?

A) Caixa branca.

B) Caixa negra.

C) Análise heurística.

D) Auditoría interna.

6 Nun sistema de almacenamento temos 10 discos de 2 TB de capacidade cada un. Indique cal das seguintes configuracións RAID permite alcanzar un espazo de almacenamento de polo menos 15 TB e con fallo de ata 2 discos como máximo sen perda de datos:

A) RAID 10.

B) RAID 01.

C) RAID 5.

D) RAID 6.

7 Na Consellería de Sanidade quérese implantar unha ferramenta de seguridade nos seus servidores para detectar e mitigar en tempo real ameazas avanzadas, tanto coñecidas como descoñecidas por medio da monitorización da actividade nos equipos (eventos, arquivos, procesos, rexistro, memoria, rede, etc). Cal dos seguintes tipos de ferramentas se debe implantar para iso?

A) EDR.

B) Antispyware.

C) Antivirus.

D) Barreira de control de host.

8 Nun circuíto de imaxe médica dixital, ao equipo no que se adquiren as imaxes de diagnóstico denomínaselle de forma xenérica:

A) CR.

B) Modalidade.

C) PACS.

D) RIS.

9 ¿Que é IHE?

A) É un estándar internacional que dá resposta á problemática da integración dos sistemas de información sanitarios.
B) É un conxunto de recomendacións de uso de estándares existentes para profesionais de T.I. no sector sanitario.
C) É un conxunto de recomendacións de uso de estándares existentes de interese para todo o contorno sanitario.
D) É unha compañía privada que define un conxunto de recomendacións de uso de estándares existentes.

10 Cales son as tres fases xenéricas da enxeñaría do software:

A) Definición / desenvolvemento / mantemento.
B) Definición / desenvolvemento / probas.
C) Deseño / codificación / probas.
D) Definición de requisitos / codificación / probas.

11 ¿Que é un troiano?

A) Malware que cifra arquivos e pide rescate.
B) Software que parece lexitimo pero realiza accións maliciosas ocultas.
C) Ferramenta lexitima de administración remota.
D) Exploit de bases de datos SQL.

12 No estándar NAT o mecanismo PAT permite:

A) Permitir que múltiples enderezos IP privados compartan unha única IP pública, diferenciándose mediante distintos portos.
B) Garantir que as respostas desde Internet cheguen ao host interno correcto.
C) Seleccionar portos TCP aleatorios de maneira manual para as conexións.
D) Manter fixa a dirección IP privada do emisor en todo momento.

13 En que capa do modelo OSI está o protocolo UDP:

A) Capa de rede.
B) Capa de enlace.
C) Capa de transporte.
D) Capa MAC.

14 ¿Cal das seguintes afirmacións describe mellor a función do protocolo ICMP dentro do modelo OSI?

A) Opera na capa de rede e utilízase para enviar mensaxes de control e erro.
B) Opera na capa de enlace e xestiona o acceso ao medio físico.
C) Opera na capa de aplicación e permite a transferencia de arquivos.
D) Opera na capa de transporte e garante a entrega de paquetes.

15 ¿Que xestiona un CRM?

A) As relacións cos provedores.
B) As relacións coa dirección.
C) As relacións cos empregados.
D) As relacións cos clientes.

16 En Scrum, ¿cal destas tarefas NON pertence ao Scrum Master?

A) Retirar impedimentos que bloqueen o traballo.
B) Facilitar a aplicación do marco Scrum.
C) Tomar decisións sobre que funcionalidades desenvolver.
D) Promover a mellora continua do equipo.

17 En ITIL, ¿cal é a función principal do Service Desk?

A) Deseñar aplicacións para a organización.
B) Manter as bases de datos corporativas.
C) Ser o único punto de contacto entre usuarios e TI para incidencias e peticións.
D) Administrar a infraestrutura de rede.

18 ¿Que proceso de ITIL busca restaurar o servizo normal o antes posible tras unha interrupción?

A) Xestión de problemas.
B) Mellora continua.
C) Xestión de incidencias.
D) Xestión de cambios.

19 No ciclo de vida do servizo de ITIL, ¿en que etapa se definen os acordos de nivel de servizo (SLA)?

A) Estratexia do servizo.
B) Transición do servizo.
C) Deseño do servizo.
D) Operación do servizo.

20 Segundo o RGPD, ¿que se entende por dato persoal?

A) Información unicamente económica.
B) Calquera información que identifique ou poida identificar unha persoa física.
C) Exclusivamente datos médicos.
D) Información sobre persoas xurídicas.

21 ¿Que organismo actúa como autoridade de control en España en materia de protección de datos?

A) Defensor do Pobo.
B) Axencia Española de Protección de Datos.
C) Consello Xeral do Poder Xudicial.
D) Tribunal Constitucional.

22 Na arquitectura REST, nun servizo RESTful que utilice HTTP como protocolo de comunicacións, ¿Que comando se usa para modificar un obxeto?

A) PUT.
B) MODIFY.
C) POST.
D) UPDATE.

23 Nun plan de copias, ¿que significa "política de retención"?

A) Os permisos dos usuarios que acceden ás copias.
B) O tempo que as copias se conservan antes de eliminarse ou sobrescribirse.
C) O tipo de soporte físico empregado.
D) A frecuencia de realización de copias.

24 ¿Que diferenza principal existe entre NAS e SAN?

A) SAN traballa a nivel de bloques e NAS a nivel de arquivos.
B) SAN usa NFS/SMB e NAS Fibre Channel.
C) NAS require switches especializados e SAN non.
D) Non hai diferenza real, son equivalentes.

25 En SQL, ¿que instrución elimina por completo unha táboa e a súa estrutura?

A) REMOVE.
B) ERASE.
C) DROP.
D) DELETE.

26 ¿Cal das seguintes afirmacións é falsa sobre un CMS?

A) Garante accesibilidade web sen necesidade de configuración adicional.
B) Permite crear e editar contidos facilmente.
C) Xestiona usuarios e permisos.
D) Facilita o mantemento de sitios dinámicos.

27 ¿Que estándar do W3C se centra na accesibilidade dos contidos web?

A) XML Schema.
B) HTML5.
C) WCAG.
D) CSS3.

28 ¿Que opción describe mellor un Data Mart?

A) Un subconxunto dun Data Warehouse adicado a unha área de negocio.
B) Un repositorio en memoria para transaccións.
C) Un sistema de arquivos en árbore.
D) Unha base de datos distribuída para aplicacións web.

29 Nun cubo OLAP, a operación slice consiste en:

A) Reorganizar as dimensións do cubo.
B) Seleccionar un subconxunto de datos fixando un valor nunha dimensión.
C) Eliminar unha dimensión enteira.
D) Agrupar varias dimensións nun só nivel.

30 ¿Cal é a función principal dun servidor web?

A) Executar a lóxica de negocio das aplicacións.
B) Procesar peticións HTTP e entregar contido web.
C) Xestionar directamente as bases de datos.
D) Actuar só como balanceador de carga.

31 ¿Que ferramenta é a máis estendida na execución de contedores de aplicacións?

A) Vagrant.
B) Docker.
C) VirtualBox.
D) Kubernetes.

32 ¿Que afirmación define mellor Big Data?

A) Datos estruturados almacenados en bases tradicionais.
B) Datos caracterizados por volume, velocidade e variedade.
C) Información que só se pode procesar en tempo real.
D) Conxunto de datos exclusivamente numéricos.

33 ¿Que compoñente NON forma parte do ecosistema Hadoop?

A) HDFS.
B) YARN.
C) MapReduce.
D) Cassandra.

34 ¿Que tipo de base de datos é Apache Cassandra?

A) Relacional.
B) NoSQL orientada a columnas.
C) Documental.
D) Orientada a grafos.

35 ¿Que é a Historia Clínica Electrónica?

A) Unha base de datos de medicamentos hospitalarios.
B) Un rexistro dixital con información sanitaria e asistencial dun paciente.
C) Un sistema para a facturación hospitalaria.
D) Documentos en papel con evolución médica.

36 ¿Que estándar se usa na transmisión e almacenamento de imaxes médicas?

A) CDA.
B) DICOM.
C) HL7.
D) SNOMED CT.

37 ¿Que significa PACS no contorno radiolóxico?

A) Patient Access Control System.
B) Picture Archiving and Communication System.
C) Protocol for Archiving Clinical Scenarios.
D) Personal Access Clinical System.

38 HL7 significa:

A) Health Level 7, conxunto de estándares para intercambio de datos clínicos.
B) Hospital Layer 7, protocolo para imaxes médicas.
C) High Level 7, estándar de programación hospitalaria.
D) Healthcare Local 7, estándar de seguridade en datos.

39 ¿Que é un estándar CDA?

A) Un protocolo de comunicación en tempo real.
B) Unha extensión de DICOM.
C) Un estándar XML para documentos clínicos electrónicos.
D) Un dicionario de terminoloxía clínica.

40 ¿Que iniciativa promove a integración de sistemas sanitarios mediante perfís de integración?

A) IHE.
B) W3C.
C) IEEE.
D) ISO/IEC.

41 ¿Cal é unha característica da plataforma .NET?

A) Proporciona un contorno común para varias linguaxes de programación.
B) É un sistema operativo de Microsoft.
C) Está deseñado exclusivamente para C++.
D) É un protocolo de comunicacións distribuídas.

42 ¿Que opción NON corresponde a Java EE (Jakarta EE)?

A) Inclúe APIs para compoñentes web e de negocio.
B) Define especificacións abertas para aplicacións empresariais.
C) É un servidor específico distribuído por Oracle.
D) É unha plataforma baseada en estándares.

43 ¿Que tecnoloxía transforma documentos XML noutros formatos como HTML o PDF?

A) JSON.
B) CORBA.
C) SOAP.
D) XSLT.

44 ¿Cal das seguintes NON é unha función típica dun bus de integración?

A) Transformación de formatos de datos.
B) Xestión de transaccións distribuídas.
C) Enrolamento de mensaxes.
D) Compilar código fonte a linguaxe máquina.

45 ¿Que patrón de integración describe a distribución de eventos dun produtor a múltiples consumidores?

A) Punto a punto.
B) Comunicación síncrona.
C) Publicación/Subscrición.
D) Procesamento por lotes.

46 ¿Que describe mellor a computación na nube?

A) Uso de servidores físicos adicados nun CPD privado.
B) Prestación baixo demanda de recursos de TI a través da Internet.
C) Replicación local de servidores físicos.
D) Emprego exclusivo de software libre.

47 ¿Que modelo de servizo proporciona unha plataforma xestionada para o desenvolvemento de aplicacións?

A) SaaS.
B) IaaS.
C) DaaS.
D) PaaS.

48 ¿Que modelo de despregamento combina nube pública e privada?

A) Nube híbrida.
B) Nube comunitaria.
C) Nube distribuída.
D) Nube compartida.

49 ¿Que protocolo se sitúa na capa de rede do modelo OSI?

A) FTP.
B) IP.
C) SMTP.
D) HTTP.

50 ¿Que dispositivo funciona principalmente na capa 2 do modelo OSI?

A) Hub.
B) Switch.
C) Router.
D) Barreira de control.

RESERVAS

51 ¿Que afirmación é correcta sobre IPv6?

A) Emprega enderezos de 32 bits.
B) Integra de forma nativa seguridade IPsec.
C) Non pode coexistir con IPv4.
D) Elimina protocolos de enrutamento dinámico.

52 ¿Que norma define os requisitos para un Sistema de Xestión de Seguridade da Información?

A) ISO 31000.
B) ISO 20000.
C) ISO 27001.
D) ISO 9001.

53 ¿Que describe mellor un certificado dixital?

A) Un documento electrónico que vincula unha clave pública coa identidade dunha persoa ou organización, garantindo a súa autenticidade.
B) Software de seguridade para contrasinais.
C) Arquivo que cifra datos de maneira automática.
D) Un mecanismo de compresión de información.

54 ¿Que entidade emite os certificados dixitais?

A) O servidor web.
B) A Autoridade de Certificación (CA).
C) O usuario final.
D) O Ministerio de Xustiza.

55 ¿Que distingue a un verme dun virus?

A) O verme propágase sen intervención do usuario.
B) O virus propágase automaticamente por rede.
C) O verme só afecta a Linux.
D) O verme só afecta a UNIX.

56 ¿Que describe a alta dispoñibilidade en sistemas TI?

A) Uso de hardware de gama alta.
B) Capacidade de reducir ao mínimo o tempo de inactividade mediante redundancia.
C) Funcionamento sen interrupcións planificadas.
D) Posibilidade de executar en calquera sistema operativo.